

### **Os socialistas da provincia denuncian que os gobernos do PP condenan a unha situación de abandono e a asfixia ás persoas dependentes e ás súas familias**

O Secretario Provincial e o de Organización sinalan que ao amparo dos recortes os executivos de Rajoy e Feijoo están a dismantelar a Lei da Dependencia e a facer negocio coas persoas máis vulnerables impondo copagos e privatizando os servizos

Santín explicou que “son 16.400 familias da provincia ás que contan cun membro dependente e ás que están abandonando á súa sorte, obrigándolles a pagar, se poden, os 1.200 ou 1.500 euros de media que vale unha praza nas residencias privadas da provincia, cando deberían estar dando cobertura ás súas necesidades”

O PSOE denuncia a indiferencia da Xunta de Galicia ante a situación das familias do alumnado do Colexio de Educación Especial Infanta Elena de Monforte de Lemos, que unha vez superados os 21 anos, están obrigados a abandonar o centro perdendo as destrezas e as habilidades adquiridas ao longo dos anos

**MONFORTE DE LEMOS, 22 DE MAIO DE 2014.**- O Secretario Provincial –Juan Carlos González Santín-, o de Organización–Carlos Ferreiro-, o senador -Ricardo Varela-, o deputado autonómico - Vicente do Casar-, e o coordinador do PSOE na comarca de Lemos – Roberto Castro-, reuníronse coa presidenta e o xerente da Asociación Comarcal da Protección do Deficiente Mental de Monforte (PRODEME) – Dolores Diéguez e Julio Cortiñas.

Nesta xuntanza analizouse a situación de abandono que están a sufrir as persoas dependentes por parte dos Gobernos de Rajoy e Feijoo, que coas súas medidas de recortes ven minguar enormemente as axudas e, polo tanto, diminuír a súa calidade de vida. “Co dismantelamento da Lei da Dependencia por parte dos gobernos do PP, ao amparo dos recortes, están a facer negocio coas persoas máis vulnerables”, denunciou Santín. “Comezan impondo copagos ao reducir os recursos públicos para, a continuación, dismantelar os servizos e incrementar o copago ou privatizar os servizos”.

O Secretario Provincial indicou que “o goberno galego está a facer todo o posible para reducir as prestacións aos dependentes, cambiando os baremos e limitando a atención a só tres graos de dependencia eliminando os niveis e aprazando a atención á dependencia moderada ata o ano 2015”. De feito, e segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE) en Lugo, o número de dependentes con discapacidade grao III, que son os que máis precisan de coidados continuos para as actividades básicas diarias, ascende a máis de 6.200. Un número altísimo de habitantes da nosa provincia que se ven afectadas polo revisionismo co obxectivo de rebaixar o seu grao de dependencia e así aforrar cartos. Segundo o establecido pola normativa o executivo estatal paga á Xunta de Galicia 117,86 euros por cada beneficiario de grao III e 82,84 euros por cada un de grao II e outorga á autonomía a capacidade de baremo dos dependentes, o que leva a unha redución na asignación de fondos e un aforro para a administración que paga as axudas.

#### **Asfixiando ás familias**

No caso do coidado de familiares a contía máxima da axuda é de 387 euros ao mes no caso dun gran dependente, e de 268 para o grao II, presentándose así un aforro de 1.428 euros ao ano por persoa ao baremar á baixa. “O que se está a facer é poñer aínda máis trabas a atención dos afectados, dificultando enormemente a súa calidade de vida”, sinalou Santín. “Estamos ante un caso gravísimo de desamparo”, xa que, segundo o IGE, o número total de fogares de Lugo cun membro dependente é de 16.400. “Son 16.400 familias ás que están abandonando á súa sorte, ás que están asfixiando obrigándolles a pagar, se poden, os 1.200 ou 1.500 euros de media que vale unha praza nas residencias privadas da provincia, cando deberían estar dando cobertura ás súas necesidades”.

### **Indiferencia da Xunta ante a situación do Infanta Elena**

Unha mostra deste abandono é a situación que están a sufrir as familias do alumnado do Colexio de Educación Especial Infanta Elena de Monforte de Lemos, que unha vez superados os 21 anos, están obrigados a abandonar o centro perdendo as destrezas e as habilidades adquiridas ao longo dos anos. En dúas ocasións o deputado socialista, Vicente Docasar, intentou, sen éxito, concienciar á Xunta de Galicia para que adoptase unha solución xusta a este asunto. “A Xunta desenténdese alegando que non hai cartos para dar unha solución ao problema, pero non podemos aceptar esta escusa, porque si que concederon 11 millóns de euros a unha residencia privada no Concello de Bóveda. O que non hai son cartos para financiar o público pero si para facer negocio coas empresas privadas”, sinalou o deputado autonómico.

Coa actual normativa estase obrigando a ese alumnado a abandonar o centro levando ás familias a unha situación de desesperanza profunda, e obrigando aos rapaces a permanecer na súa casa ou a ter que desprazarse a centros afastados do seu domicilio ou con características ben distintas ao centro actual. O Goberno da Xunta no está a atender as demandas destes rapaces, das súas familias, nin do equipo directivo e da ANPA do centro, xa que en varias ocasións intentaron propoñer alternativas á situación sen que foran estudadas polo executivo de Feijoo. “Estamos diante dun problema de xustiza social que o PP quere ignorar, relegando aos afectados a ser cidadáns de segunda a pesar de estar a pagar os mesmos impostos que o resto da cidadanía. A Xunta manifesta a súa indiferencia ante as dificultades dun colectivo que precisan dun apoio e protección especial, xa que son persoas con algunha discapacidade física ou psíquica que lles impide desenvolver as súas vidas con normalidade”, explicou Docasar.